



# Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT  
A Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

## CONSULTA AS NOVIDADES!

19 de abril 2024

### -Aberta a primeira ronda de DiscoverEU - ata o 30 de abril

A Comisión Europea ofrece 35.000 bonos de interrail a mozos e mozas da UE que fagan 18 anos.

### -Prácticas no Banco Central Europeo - varias datas

O Banco Central Europeo ten abertas candidaturas para formación remunerada de ata un ano en diferentes departamentos.

### -Formación remunerada na Europol - varias datas

Abertas varias prazas de prácticas na Europol entre seis e 12 meses.

### -Bolsas MAEC-AECID para cooperación e de xestión cultural - ata o 30 de abril

Convocatoria de bolsas de formación en xestión da cooperación ao desenvolvemento e de xestión cultural e diplomacia científica nas Oficinas da cooperación española e nas Oficinas da cooperación española especializadas.

### -Bolsas de formación no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller - ata o 10 de maio

Convocadas seis bolsas de formación remunerada no observatorio que finalizarán en agosto de 2025 e que se poden prorrogar por 12 meses máis.

### -Axudas Injuve á Creación Nova - ata o 20 de maio

Subvención dirixida a mozas creadoras/é de ata 30 anos (35 para os proxectos de emprendemento) para realizar proxectos de investigación, produción, mobilidade,

Europe Direct A Coruña - [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal) - [www.dacoruna.gal/europedirect](http://www.dacoruna.gal/europedirect)



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

emprendemento e comisariado nos ámbitos das artes escénicas, as artes visuais, o cómic e a ilustración, o deseño, a literatura e a música durante o ano 2025.

**-Bolsa de comisariado de exposicións e xestión de museos da Fundación Botín - ata o 28 de abril**

Convocada unha bolsa para formación especializada no estranxeiro en xestión de museos e organización de exposicións dunha maneira integral, orientada á arte contemporánea, e dirixida a persoas entre 22 e 40 anos.

**-Bolsas do Programa Campus Rural para alumnado da Universidade da Coruña - ata o 25 de abril**

20 bolsas para realizar prácticas durante tres meses no marco do Programa Campus Rural de Prácticas universitarias en zonas rurais.

**-Bolsas de introdución á investigación JAE Intro - ata o 20 de maio**

300 bolsas de iniciación de alumnado universitario na carreira científica durante sete meses nas diferentes áreas globais do CSIC (Vida, Sociedade e Materia).

**-Bolsas la Caixa para estudantado de grao - ata o 31 de maio**

50 bolsas para alumnado excelente con escasos recursos económicos que inicie estudos de grao ou ensinos artísticas superiores en centros públicos.

**-Xornada en liña 'As oposicións na UE e métodos alternativos de acceso' - o 21 de maio**

Sesión informativa que organiza Europe Direct Comunidade de Madrid sobre acceso laboral ás institucións europeas.

**-Convocatoria para realizar actividades paralelas durante o European Youth Event de 2025 - ata o 30 de maio**

Aberta a convocatoria de proxectos para as actividades ao aire libre do vindeiro EYE, que está dirixida a organizacións xuvenís.

**-European Job Days:**

**-Work Force in Flanders - o 26 de abril**

Feira online de emprego con ofertas no sector da industria e da construción.



**-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:**

**-Voluntariado nunha comunidade sostible en Grecia - sen data**

Sete semanas de traballo voluntario nas actividades da comunidade.

**-Voluntariado nun refuxio de animais en Italia - ata o 29 de abril**

17 semanas de traballo nunha organización en defensa dos dereitos dos animais nun refuxio preto de Milán.

**E lembra!**

**-Prácticas no Tribunal de Contas Europeo - ata o 31 de maio**

Formación remunerada de cinco meses, desde o mes de outubro, no Tribunal de Contas Europeo en Luxemburgo.

**-Prácticas na Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais - ata o 1 de maio**

Formación remunerada dun ano nos departamentos de comunicación e legal na oficina en Angers, Francia.

**-Prácticas na Axencia Europea de Substancias e Misturas Químicas - ata o 2 de maio**

Formación remunerada durante seis meses na axencia en Helsinqui en diversos departamentos.

**-Prácticas no Consello de Europa - ata o 26 de abril**

Aberto o prazo de solicitude de prácticas de outubro a febreiro en diferentes departamentos do Consello de Europa en Estrasburgo.

**-Programa para xornalistas Youth4Regions - ata o 8 de xullo**

Oportunidade de formación para mozos e mozas xornalistas sobre a Política de Cohesión europea, cunha semana de estancia en Bruxelas.





### Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

\*\*\*

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

